



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.-

Artigo 1.-

De conformidade co disposto no art. 73 da Lei 39/88 de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable neste municipio queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2.-

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de natureza urbán, queda fixado no 0,45 %.

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicables ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,60 %.

O tipo de gravame do Imposto de Bens Inmobles aplicable ós bens de características especiais, queda fixado no 1,3 %.

Artigo 3.-

En aplicación do artigo 63.4 da Lei 39/88 de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e en base a criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, establécense as seguintes exencións na cota líquida do imposto:

- a) Bens Inmobles urbáns cunha cuota líquida inferior a 6,00 euros.
- b) Bens Inmobles rústicos no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a 6,00 euros.

Artigo 4.-

As vivendas que constitúan a residencia habitual de familias numerosas gozarán dunha bonificación na cota íntegra do imposto, de acordo coas seguintes categorías:

- **Xeral:** bonificación do **75%** para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas con tres ou catro fillos, ou que tendo dous fillos un deles sexa discapacitado ou estea incapacitado para o traballo.
- **Especial:** bonificación do **90%** para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas de máis de catro fillos.

Aos efectos de clasificación na categoría xeral ou especial anterior, estarase ao disposto na Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas.

Terá a consideración de vivenda habitual a que figure como residencia no Padrón Municipal.

Os suxeitos pasivos do imposto deberán presentar xunto coa solicitude de bonificación os documentos oficiais acreditativos da súa condición de familia numerosa.

Artigo 5.-

No que non esté expresamente previsto na modificación da presente ordenanza, rexirán os preceptos contidos na redacción anterior da mesma, así como os preceptos contidos na lexislación reguladora das facendas locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais) e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

Disposición final

A modificación da bonificación para vivendas que constitúan a residencia habitual de familias numerosas, aprobada polo Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o 24 de marzo de 2010, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do un de xaneiro de 2011, continuando en vigor e de aplicación o restante articulado da ordenanza, ata a súa modificación ou derogación expresa